

## PROTOCOLO

### USO MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE OURENSE

Publicada a *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos*, recolle no punto 5 do protocolo anexo á mesma o seguinte parágrafo: “Os centros educativos que impartan ensinanzas de formación profesional de grao superior, **de réxime especial** ou de adultos, en base á súa autonomía organizativa e ás súas características, poderán adaptar este protocolo respecto destas ensinanzas no relativo ás limitacións establecidas para os períodos non lectivos”.

En consecuencia, e tendo en conta as diversas actividades que se desenvolven no noso centro:

- de carácter formativo, pedagóxico e de interpretación,
- de asistencia individual ou de asistencia colectiva ás aulas e materias,
- as variadas franxas horarias de asistencia e permanencia no centro,
- as diferentes idades do alumnado que estuda no conservatorio,

establécense as seguintes normas de uso de dispositivos electrónicos móbiles:

1. Non se permite durante as clases o emprego libre de móbiles e/ou dispositivos electrónicos.
2. Excepcionalmente poderá empregarse cando o profesorado autorice ao alumnado que o solicite, o uso de dispositivo electrónico como ferramenta didáctica para o desenvolvemento da clase. Este uso deberá cingirse a facilitar o labor docente, a dinamizar e actualizar o ensino da materia: gravar audio, video, acceder a internet e a instalar aplicacións de diversa índole que se utilicen exclusivamente con fins educativos.

O incumprimento destas normas conlevará dende requerir o dispositivo (coa conseguinte comunicación á familia en caso de menores de idade) ata a aplicación de sancións acordes á gravidade do feito e tal e como se recolle no Plan de convivencia do centro.

En ningún caso o centro se fará responsable da perda ou deterioro de dispositivos electrónicos que o alumnado porte voluntariamente.